



Persoas beneficiarias

Aberto o prazo ata
o 30 de setembro

- Asociacións, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro
- Centros Especiais de Emprego e Empresas de Inserción Laboral
- Empresas do mercado ordinario, incluídas as persoas autónomas



As persoas beneficiarias **deberán contar no seu cadro de persoal con preparadores ou preparadoras laborais especializados**, ou comprometerse a incorporalos e dispor dos recursos materiais necesarios.

Orzamento:
500.000 €



Requisitos das entidades

1. Subscribir un **convenio de colaboración** coa empresa que vai contratar persoas traballadoras con discapacidade.
2. Ter por **obxecto social**, entre outros, a **inserción laboral** ou a **creación de emprego a favor de persoas con discapacidade** ou en situación ou risco de **exclusión social**.
3. Ter **experiencia acreditada** no desenvolvemento de programas de integración laboral de persoas con discapacidade ou en situación ou risco de exclusión social.
4. Desenvolver as **actividades de emprego con apoio de modo gratuíto**, sen que caiba o cobramento ou a percepción de ningún tipo de cantidade ou tarifa a persoas traballadoras ou empresarios e empresarias.



PROGRAMA II – EMPREGO CON APOIO [TR342A]



Contía das axudas

Persoas con **parálise cerebral, enfermidade mental ou con discapacidade intelectual**, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65% **8.500€** anuais / persoa

Persoas con **parálise cerebral, enfermidade mental ou con discapacidade intelectual**, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33% e inferior ao 65% **5.500€** anuais / persoa

Persoas con **discapacidade física ou sensorial** cun grao recoñecido igual ou superior ao 65%, **xordas e con discapacidade auditiva** cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, ou en situación ou risco de exclusión **3.300€** anuais / persoa



Acumulable

25%

Muller
Persoa maior 45
Emigrante retornado/a
Concello rural
Persoa trans

100%
Pagamento anticipado

- A contía reducirase proporcionalmente á duración do contrato e/ou ao tipo de xornada.
- Para entidades sen ánimo de lucro, Centros Especiais de Emprego e Empresas de Inserción Laboral no que mesma persoa preparadora preste apoios en varios concellos, poderá solicitar un **incremento de 2.500 euros por deprezamentos**.



Persoas destinatarias finais

- Persoas con **parálise cerebral**, con **enfermidade mental** ou con **discapacidade intelectual** cun grao recoñecido igual ou superior ao 33%.
- Persoas con **discapacidade física ou sensorial** cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65%.
- Persoas **xordas e con discapacidade auditiva**, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33%.
- Persoas **en situación ou en risco de exclusión social recoñecido**, que non teñan ningunha das discapacidades indicadas nos puntos anteriores.



Accións de emprego con apoio

- Orientación, asesoramento e acompañamento.
- Achegamento e axuda mutua entre a persoa, a empresa e o persoal co que comparta tarefas.
- Apoio no desenvolvemento de habilidades sociais e comunitarias.
- Adestramento específico nas tarefas inherentes ao posto de traballo.
- Seguimento e avaliación do proceso de inserción.
- Asesoramento e información á empresa sobre a adaptación do posto.

Acceso á ficha da sede electrónica



- Pulsa para acceder -

VR 0710212022